

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a modificación de estatutos do Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan Director de Banda Larga da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ribeira, para a execución da obra: "Liña independente de saneamento desde Padín ata bombeo da Pedra Pateira e nova estación de bombeo en Pedra Pateira. Concello de Ribeira (A Coruña)", clave OH.315.953, por importe de oitocentos trinta e catro mil setecentos cincuenta e cinco euros con dezasete céntimos (834.755,17€)
- Acordo polo que autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Xove, para a execución das obras de mellora da Ponte da Barxa sobre o río Rigueira e mellora das marxes

(Xove, Lugo), por importe de cincuenta mil seiscientos sesenta euros con sesenta e oito céntimos (50.660,68 €)

- Acordo polo que se aproba a adhesión do Concello de Porto de Son á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Foz, para a execución das obras: "Mellora da rede de abastecemento de Foz. Concello de Foz (Lugo)", Clave OH.227.503, por importe de un millón novecientos sesenta mil douscentos trece euros e trinta e tres céntimos (1.960.213,33 €)
- Acordo polo que se deixa sen efecto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 27 de maio de 2004; e se inicia o procedemento de elaboración e aprobación do novo plan sectorial de solo empresarial de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo no seo da Comisión bilateral de seguimento do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, coa participación dos concellos (Achega do IGVS: 6.354.000,00€)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura, a Consellería de Cultura e Turismo, a *Fundación Pedro Barrié de la Maza*, o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Cabido da Santa Igrexa Catedral de Santiago para a dirección técnica dos proxectos de conservación e restauración do Pórtico da Gloria e o seu contorno e conservación e restauración das pinturas murais da bóveda e arcos da Capela Maior da Catedral de Santiago de Compostela

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Presentación do Manual de normas de identidade visual corporativa e institucional da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a creación do Clúster da Enerxía Xeotérmica de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación do expediente de emerxencia para a instalación dun centro de proceso de datos no C.H.U. de Vigo
- Informe do resultado do programa galego de detección precoz do cancro de mama 2009 e previsións para o 2010
- Informe do acordo de xestión do Servizo Galego de Saúde para 2010

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe preparado pola Comunidade Autónoma de Galicia, Reino de España, en relación coa petición do establecemento dunha moratoria na aplicación do disposto no Regulamento (CE) N.º 853/2004, relativo á reinstalación de moluscos bivalvos vivos procedentes dunha zona clasificada como C, tras ser sometidos a tratamentos de depuración intensiva

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DO CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, a modificación dos estatutos do Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais para adaptalos á normativa vixente, con cambios que afectan fundamentalmente a colexiación, visados, honorarios profesionais e os principios de igualdade de trato e non discriminación.

O obxecto deste decreto é a aprobación da modificación dos estatutos do Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, con motivo da súa adaptación á Lei que rexe os colexios profesionais de Galicia e aos estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos industriais.

O Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais creouse por decreto no ano 1995 e os estatutos vixentes foron aprobados por decreto no ano 1998, está polo tanto pendente de adaptar o seu contido á Lei de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que data de 2001. Paralelamente fixéronse as adaptacións procedentes aos estatutos xerais dos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais, aprobados por Real decreto no ano 2003 e modificados tamén por Real decreto no ano 2007.

O Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que integra, coordina e representa na esfera autonómica os colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais galegos para o cumprimento dos seus fins. Está integrado polos Colexios Oficiais da Coruña (coas súas delegacións de Santiago e Ferrol), Lugo, Ourense e Vigo.

Mediante estes estatutos regúlase a organización, competencias e funcionamento do Consello Galego, que así mesmo posúe autonomía e ten a súa propia personalidade xurídica, así como plena capacidade de obrar para cumprir os seus fins, e pode transferir, vender, gravar, posuír ou reivindicar toda clase de bens e dereitos.

Fins e órganos

O Consello Galego ten por finalidade agrupar e coordinar os colexios integrados, asumir a representación da profesión no ámbito territorial da Comunidade galega para as cuestións de interese común, as relacións coas institucións e as administracións, en especial co Goberno galego e, en xeral, ante calquera organismo, institución ou persoa física ou xurídica.

Os órganos a través dos que funciona o Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais son o pleno, a xunta executiva e o presidente. Dependendo deles están os vicepresidentes, o secretario e os vogais coas atribucións correspondentes. A estrutura interna e o funcionamento dos órganos do Consello será democrático e respectaranse os principios constitucionais que rexen a materia.

EDUCACIÓN CONVOCARÁ 967 PRAZAS DE PROFESORADO DE PRIMARIA E SECUNDARIA

- *A oferta de emprego público docente incrementase en máis dun 28% con respecto a 2009*
- *Con esta convocatoria, a Xunta de Galicia cumpre o seu compromiso coa calidade do ensino, e coa mellora das condicións dos empregados públicos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas de primaria e secundaria. Na convocatoria, que terá lugar no mes de xuño de 2010, convocaranse un total de 967 prazas, o que supón un incremento de máis do 28% con respecto ás 723 convocadas no 2009.

Esta oferta de emprego público supón unha clara aposta polo ensino público por parte da Xunta de Galicia que, aínda en tempos de crise, renova o corpo de profesorado, garantindo o mantemento da calidade do sistema educativo. Ademais, as oposicións abren a posibilidade de obter un emprego estable aos estudantes que se están a formar para exercer a carreira docente.

Por outra banda, significa unha oportunidade para a promoción interna, á que se reserva o 15% dos postos, co fin de incrementar a estabilidade do persoal docente e diminuír a precariedade no traballo. Deste xeito, a Xunta de Galicia cumpre co seu compromiso de mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos e de acceso á función pública.

Especialidades

A convocatoria prevé 600 prazas para mestres, 272 para profesores de ensino secundario; 66 para técnicos de formación profesional e 29 para música e artes escénicas.

Para o corpo de profesores de ensino secundario reservárase unha cota do 15% das prazas convocadas para a súa cobertura pola quenda de promoción interna; e outro 7% do conxunto delas para seren cubertas por persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

A convocatoria da oferta de emprego público responde á transparencia da Xunta de Galicia respecto do seu persoal funcionario, conforme os principios de publicidade, capacidade e méritos académicos e laborais persoais; polo que tanto a convocatoria como os criterios de baremo serán publicados no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.

Presentada aos sindicatos

A oferta de emprego público foi presentada o pasado 9 de febreiro en Mesa Sectorial, trámite tras o que se abriu un prazo de 48 horas para a presentación de alegacións desde os distintos sindicatos do ensino. Aprobada a oferta polo Consello da Xunta, realizaranse as convocatorias dos procedementos selectivos, que se iniciarán a finais do mes de xuño.

Na mesma Mesa Sectorial, a Consellería de Educación acordou tamén a convocatoria de 13 novas prazas do concurso oposición para acceder ao corpo de inspectores de educación, e a orde de convocatoria relativa ao concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas regulas na LOE. A convocatoria refírese a aqueles centros en que estea por rematar o mandato do actual equipo de dirección.

A XUNTA PON EN MARCHA O PLAN DIRECTOR DE BANDA LARGA 2010-2013 PARA POSIBILITAR O ACCESO Á INTERNET DE TODA A SOCIEDADE GALEGA E SITUAR A COMUNIDADE NA VANGARDA DO DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

- *Despregaranse infraestruturas de telecomunicacións para ofrecer un servizo de calidade a todos os cidadáns e empresas asegurando así a vertebración do territorio e a eliminación da fenda dixital*
- *Potenciarase o actual operador público Retegal, poñendo en valor toda a infraestrutura pública actual, favorecendo a presenza dos operadores privados en igualdade de condicións e, por tanto, unha competencia e pluralidade efectiva que redunde en progreso para Galicia*
- *Impulsaranse redes de nova xeración capaces de garantir velocidades de conexión de ata 100Mbps, que están chamadas a ser elementos imprescindibles para o desenvolvemento empresarial e a xeración de emprego en Galicia na nova economía do coñecemento*
- *Os obxectivos estratéxicos do plan son o equilibrio territorial, a modernización dos servizos públicos, a xeración de competitividade e innovación e a cooperación e eficiencia no despregamento das infraestruturas*
- *O PDBL conta cun orzamento público de 102 millóns de euros e prevé superar os 232 millóns de euros mobilizando capital privado e doutras administracións*
- *Preténdese que en 2013 o 94% da poboación galega teña acceso á banda larga de calidade e cubrir o 6% da demanda restante con servizos de acceso vía satélite*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Director de Banda Larga 2010-2013, que constitúe o marco estratéxico de actuación destinado a que a práctica totalidade dos cidadáns e empresas galegas teñan acceso de calidade á banda larga dentro de catro anos. Este proxecto forma parte dunha estratexia global do Goberno galego destinada a situar a Galicia no núcleo avanzado da sociedade da información.

O PDBL conta cun orzamento de 102 millóns de euros e prevé superar os 232 millóns de euros mobilizando capital privado e doutras administracións co obxectivo de estender as novas tecnoloxías e infraestruturas de telecomunicacións de banda larga en tres áreas fundamentais: a social, a empresarial e a das administracións públicas impulsando a cooperación de todos os axentes implicados. Trátase dun plan transversal que contou coa colaboración de todas as consellerías da Xunta, dos concellos galegos, das deputacións provinciais e dos organismos ou entidades públicas de eido local ou provincial, así como dos distintos operadores de telecomunicacións.

Actuacións estratéxicas

O Plan prevé dotar de redes fixas de alta capacidade baseadas en fibra óptica aqueles núcleos de poboación con maior demanda desatendida e que actualmente non contan con posibilidade de acceso a servizos de banda larga de calidade. Ademais, potenciarase o actual operador público Retegal dotándoo de máis medios e capacidades para optimizar e acelerar a extensión da banda larga. Esta medida permitirá aproveitar a infraestrutura pública actual e reducir os custos do despregamento, así como favorecer a presenza dos operadores privados o que facilitará unha competencia e pluralidade efectiva que redunde en progreso para Galicia.

Estenderase a cobertura de banda larga aos núcleos de poboación da contorna rural mediante redes sen fíos, solventando así as distintas dificultades orográficas e de dispersión de poboación características de Galicia. A cobertura de redes de banda larga a toda a poboación galega completarse mediante o acceso vía satélite de calidade garantido a universalidade do servizo.

Impulsarase o despregamento de infraestrutura de nova xeración, capaz de ofrecer velocidades de conexión de ata 100Mbps. Estas redes serán a base de novos servizos innovadores e diferenciais que demandan cada vez máis largo de banda e que están chamadas a ser elementos imprescindibles para o desenvolvemento empresarial e a xeración de emprego en Galicia na nova economía do coñecemento.

O denominador común de todas estas actuacións é a prestación dun servizo de banda larga de calidade, con velocidades de acceso superiores a 2Mbps, podendo chegar a 100Mbps no caso de redes de nova xeración

No sector empresarial o plan promoverá o máximo aproveitamento das novas tecnoloxías de banda larga como xeradoras de competitividade e innovación e, por tanto, de emprego. A modernización da Administración pública e local e outro dos obxectivos desta actuación para o que se impulsarán os servizos públicos dixitais de calidade e se garantirá o acceso á banda larga en todos os núcleos con puntos de demanda.

Minimizar as dificultades de despregamento e incentivar a demanda

Para facilitar e axilizar o despregamento das novas infraestruturas, o Plan Director de Banda Larga impulsará a inclusión dentro dos plans urbanísticos dunha previsión de espazos e canalizacións públicas dispoñibles, para a instalación de redes de comunicación. Desenvolverase un plan de aproveitamento de todas as infraestruturas dispoñibles en Galicia que garanta o uso eficiente dos recursos actuais.

Tamén se porá á disposición dos concellos unha oficina técnica de asesoramento e soporte sobre todas as iniciativas que se desenvolven en materia de redes de telecomunicacións e manterase actualizado o Mapa de Infraestruturas, o que permitirá dispor de documentación ampla e fiable que facilite a toma de decisións.

Incentivar a demanda

Co obxectivo de maximizar os beneficios do Plan Director de Banda Larga desenvolveranse programas de capacitación e achegamento aos usuarios, activaranse medidas para estimular a integración das TIC na empresa e revertir os baixos niveis de penetración das novas tecnoloxías especialmente no caso das micro pemes e dos autónomos. Tamén se levarán a cabo programas de capacitación e alfabetización dixital para os colectivos menos favorecidos, que incluírán subvencións económicas para os usuarios finais.

O 100 por cento da poboación cun acceso á rede de calidade

Como resultado de todas estas actuacións preténdese que en 2013 o 94% da poboación galega conte coa posibilidade de acceso a un servizo de banda larga de calidade, que a porcentaxe sexa do 100% nos núcleos de máis de 100 habitantes. Ademais, o Plan cubrirá a demanda do 6% restante a través de servizos de acceso vía satélite. Deste xeito, a curto prazo, perséguese que xa en 2011 se reduza en máis do 50% a fenda dixital existente entre as provincias da Coruña e Pontevedra con Lugo e Ourense.

Outro obxectivo para 2013 é que o 100% dos núcleos con demanda por parte da Administración pública e o 96% das empresas dispoñan de acceso a banda larga de calidade, coa meta a curto prazo de que en 2011 se cubra a totalidade dos polígonos industriais e dos parques empresariais.

Finalmente, está previsto darlle cobertura a máis de 1 millón de habitantes con redes de nova xeración, e polo tanto, con velocidades de ata 100Mbps, posibilitando así o acceso a novos e máis avanzados servizos da sociedade da información.

Situar a Galicia entre as rexións de referencia das novas tecnoloxías

O Plan de Banda Larga é unha folla de ruta que se definiu tras analizar o escenario de partida de Galicia en materia de despregamento económico e que ten como obxectivo revertir a situación que mostra o actual Mapa de Infraestruturas de Telecomunicacións de Comunidade.

A falta dunha estratexia global de despregamento de infraestruturas de novas tecnoloxías, xunto con outros factores, motivou que Galicia sexa unha das comunidades autónomas menos desenvolvidas en materia de acceso aos servizos de telecomunicacións e en progreso da sociedade da información. Neste sentido, destaca

o feito de que a Comunidade está á cola das autonomías na porcentaxe de fogares con banda larga (con 14,8 liñas por cada 100 habitantes) e na de empresas con acceso a internet (42%). Ademais, o desequilibrio territorial medrou nos últimos anos, e seguen incrementándose as diferenzas entre a contorna rural e urbana en materia de acceso á sociedade da información.

Segundo os datos do Mapa de Infraestruturas de Telecomunicación, no sector residencial existen, actualmente, 786.000 galegos que non poden acceder á banda larga, é dicir, case un 30% da poboación de Galicia. En relación co acceso á banda larga nos servizos públicos, o Mapa de Infraestruturas amosa que carecen del o 41% das entidades de poboación con centros da Administración, como centros educativos, sanitarios, etc.

Finalmente, no tocante ao sector empresarial, estímase que a demanda non cuberta é do 16%, cunha situación que empeora sensiblemente nas actividades empresariais vinculadas ao mundo rural, destacando que o 64% das explotacións gandeiras ou o 51% das casas de turismo rural se atopan en zonas onde non existe posibilidade de conexión de banda larga. Estes datos poñen de manifesto a existencia dunha barreira importante para o aproveitamento das TIC como motor para a dinamización e a competitividade empresarial e, polo tanto, para o crecemento dos sectores produtivos chave para Galicia.

MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ CON 834.755 EUROS UNHA LIÑA DE SANEAMENTO DESDE PADÍN ATA CERQUEIRAS, EN RIBEIRA

- *Esta construción está prevista no 'Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015' que levará a cabo melloras na rede de saneamento dos concellos galegos*
- *O proxecto consistirá na creación dun novo colector de augas residuais no polígono de Xaras en Palmeiras, Padín, ata a zona de Cerqueiras*
- *A empresa adxudicataria terá un prazo de doce meses para rematar as obras da liña de saneamento*
- *O Plan de Saneamento Integral de Ribeira, que estará listo antes do verán, estase a coordinar coa Consellería do Mar e o concello para que o deseño das actuacións se leve a cabo co menor impacto no territorio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ribeira para a construción dunha nova liña de saneamento que recollerá as augas residuais do polígono de Xaras na zona de Palmeira ata a zona de Cerqueiras, concretamente no parque A Pedra Pateira. O proxecto enmárcase dentro do 'Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015', e formará parte do Plan de Saneamento Integral de Ribeira, que estará listo antes do verán. Nestes momentos estase a coordinar coa Consellería do Mar e o concello para que o deseño das actuacións se leve a cabo co menor impacto no territorio.

A Xunta de Galicia financiará, a través da empresa pública Administración hidráulica de Galicia, a totalidade da obra cun orzamento de 834.755 distribuídos en dúas anualidades; neste 2010 a partida será de 234.755 euros e no vindeiro ano será de 600.000 euros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández ten como obxectivo mellorar as obras do saneamento do municipio ribeirense para separar as augas urbanas e as augas residuais que proveñen do polígono, no Concello de Ribeira. Con estas melloras, ademais, crearase unha nova cámara de recepción de augas residuais na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) en Touro, municipio próximo a Ribeira.

Obras da liña de saneamento

As obras para a posta a punto da liña de saneamento dende Padín ata Cerqueiras realizarase en tres fases. Primeiro será a instalación dun colector en Padín, dunha lonxitude de 1.087 metros, dende o polígonos de Xaras ata un novo bombeo de Cerqueiras.

Este colector permitirá desconxestionar a depuración das augas residuais do concello, xa que separará as augas residuais urbanas das augas residuais do polígono de Xaras.

Nunha segunda fase, instalarase un novo bombeo de auga en Cerqueiras xunto ao xa existente que recibirá a auga que provén do novo colector. A última fase será a instalación dunha nova cámara depuradora na EDAR de Touro, que procesará a totalidade das augas residuais do concello.

Obrigas do Concello de Ribeira

O Concello de Ribeira solicita o orzamento en virtude da condición imposta polo 'Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015' o cal obriga os núcleos de poboación de máis de 100 habitantes a que instalen un sistema de saneamento antes do ano 2015. O Concello de Ribeira terá a obriga de ceder as taxas de saneamento, que deberán estar debidamente actualizadas, a Augas de Galicia; pois este será o organismo recadador deste tipo de actuacións.

Ademais disto, o concello comprometerase á entrega dos terreos necesarios para a execución das obras así como de todas as autorizacións administrativas necesarias. Rematada a obra, asumirá o mantemento, a explotación e a conservación destas. O Concello terá tamén a obriga de efectuar os traballos ordenados pola inspección periódica cando a obra xa estea rematada.

Obrigas de Medio Ambiente

Medio Ambiente terá por obriga financiar a totalidade do proxecto e programar as obras correspondentes. O departamento de Agustín Hernández asume a totalidade do investimento debido á escasa capacidade financeira dos concellos e polo importante orzamento deste tipo de construcións.

O prazo que terá a empresa adxudicataria do proxecto para rematar as obras que farán posible as melloras da rede de saneamento do Concello de Ribeira, será de doce meses desde o momento da súa adxudicación.

MEDIO AMBIENTE DESTINA 50.500 EUROS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA PONTE DA BARXA SOBRE O RÍO RIGUEIRA NO CONCELLO DE XOVE

- *O acceso a esta infraestrutura e á zona da Barxa presenta carencias, polo que as obras significarán importantes beneficios para os veciños da zona*
- *Nesta actuación tamén se traballará na recuperación das marxes deste río lucense co fin de mellorar os contornos desta zona*
- *Tamén se farán melloras na protección do ambiente e conservación de camiños e vías rurais por parte tamén do municipio*
- *A Administración hidráulica de Galicia financia o 100% das actuacións*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración da Xunta de Galicia co Concello de Xove para a execución das obras de mellora da Ponte da Barxa sobre o río Rigueira. Nesta actuación tamén se traballa na recuperación das marxes deste río lucense. O importe total desta actuación ascende a máis de 50.500 euros, divididos en dúas anualidades, polo que neste ano investiranse 34.660 euros e 16.000 no vindeiro exercicio.

Cómpre salientar que este tipo de colaboracións do Goberno Galego con entidades locais en materia de obras hidráulicas correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia. Esta entidade, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, financia o 100% destas accións, que teñen como principal obxectivo sufragar e compensar a escasa capacidade financeira dos concellos.

O obxecto deste acordo é establecer as condicións básicas que rexerán a colaboración entre o organismo autonómico Augas de Galicia e o concello de Xove para a mellora do acceso desta ponte e a recuperación das marxes do río.

Carencias actuais

Neste momento, o acceso a esta infraestrutura e á zona da Barxa presenta claras carencias, polo que estas obras significarán importantes beneficios para os veciños da zona, tendo en conta que tamén se farán melloras na protección do ambiente e conservación de camiños e vías rurais por parte tamén do municipio.

As accións técnicas deste proxecto consisten no reforzo interior da base da pilastra da ponte e na súa mellora estrutural, actuación que deberá ser acometida coa maior brevidade posible, xa que se trata dunha zona de uso frecuente, co obxecto de que non se agrave o estado deste acceso, que xa se atopa deteriorado a causa do arrastre producido polas correntes do río, así como polos aumentos do seu caudal.

Estas carencias deben ser resoltas ante as necesidades formuladas polos veciños e para incrementar a calidade do municipio, que neste momento os servizos mencionados presentan un déficit de infraestruturas.

Características técnicas

Os traballos que se van levar a cabo consisten na prefabricación de vigas soporte de pedras de estribo, incluído tensores, e de encofrado metálico perdido; a escavación para viga, demolicións de pedras, formigonado na parte inferior e superior do leito río abaixo e colocación de encofrado contra estribo de ponte, entre outros labores

Estas actuacións que se levarán a cabo no concello lucense de Xove benefician a unha poboación que ascende a máis de 3.600 habitantes de todo o municipio.

A AXENCIA DA LEGALIDADE URBANÍSTICA ASUMIRÁ AS COMPETENCIAS EN SOLO RÚSTICO, PROTECCIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS E SOLO URBANIZABLE NO CONCELLO DE PORTO DO SON

- *Asinarase un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello para a súa adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)*
- *O municipio coruñés delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística*

O Consello da Xunta anunciou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello coruñés de Porto do Son. Na actualidade, un total de 41 concellos galegos están adheridos á APLU.

A Axencia da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial para desenvolver, en común pola Xunta de Galicia e os concellos que se integren de forma voluntaria nesta, as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Competencias

En virtude deste convenio, o concello de Porto do Son delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais tradicional.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá efectivamente estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), considerando que a vixencia do convenio será indefinida.

Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por outra parte, o municipio de Porto do Son comprometerase a contribuír ao sostemento da APLU coas seguintes achegas económicas: o 50% do produto de multas impostas pola Axencia para a execución de ordes de reposición da legalidade ditadas no exercicio das competencias delegadas polo concello e o restante 50% do importe das sancións impostas pola APLU aos responsables de infraccións urbanísticas.

Ademais, o concello coruñés debe prestar cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico lle solicite para a eficaz exercicio das súas competencias; facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

MEDIO AMBIENTE ACHEGA CASE DOUS MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO LUCENSE DE FOZ

- *Esta actuación inclúe melloras de elementos existentes e construción doutros novos, encamiñados a aumentar a capacidade de abastecemento e a calidade das augas tratadas*
- *Actuarase en cinco puntos da rede de abastecemento: no depósito de Fazouro, no sistema de captación do río Ouro, no sistema de conducción e captación da ETAP de Foz e na propia estación de tratamento de augas pluviais (ETAP) de Foz*
- *As obras serán licitadas e executadas pola Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta na súa reunión esta mañá aprobou o proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co Concello de Foz para a mellora da rede de abastecemento do municipio. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas inviste un total de 1.960.213 euros, dos 2.178.014 euros do custo total desta obra, é dicir, o 90% da actuación. O 10% restante será achegado polo Concello de Foz. As obras serán licitadas e executadas pola Xunta de Galicia

Esta actuación forma parte dos proxectos en que Augas de Galicia participa financeiramente, debido á escasa capacidade das entidades locais para sufragar os custos deste tipo de obras. Nese sentido, as obras obxecto deste acordo corresponden á construción de infraestruturas en concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiarlas.

En concreto, estas actuacións axudarán a dotar o Concello de Foz, que actualmente conta cun censo poboacional de 10.000 habitantes e que nos meses de período estival chega a triplicarse, dunha maior capacidade hidráulica no seu sistema de abastecemento, a través dun aumento do caudal dispoñible, e así proporcionar unha maior calidade final da auga.

O proxecto hidráulico

Esta actuación hidráulica do departamento que dirixe Agustín Hernández foi examinada e supervisada pola Área de Programación e Seguimento de Obras de Augas de Galicia. Así, o proxecto de obra inclúe melloras de elementos existentes e construción doutros novos, encamiñados a aumentar a dotación de abastecemento e a calidade das augas tratadas. Así, actuarase en cinco puntos da rede de abastecemento:

Na captación existente no río Ouro limparase a vexetación existente e procederase á dragaxe para aumentar o caudal dispoñible para o abastecemento.

Ademais, procederáse á construción dun novo depósito de 4.089 metros cúbicos de capacidade, que se instalará xunto ao xa existente, de paneis pretensados con cámara de claves, que aumentará a capacidade de regulación e almacenamento da rede. Executarase un dique para a contención de terras e un peche conxunto dos dous depósitos.

Outro punto de actuación será no sistema de conducción e captación da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Foz. Levarase a cabo unha limpeza da vexetación, dragaxe e estabilización de marxes na canle natural; mentres que na canle de formigón retiraranse os materiais deteriorados, e procederáse ao entubado e impermeabilización local do parámetro interior para evitar filtracións, así como á protección de marxes e noiros con gabións e malla metálica.

Na propia ETAP de Foz renovarase a estrutura metálica dos cinco filtros de area e as instalacións interiores de saída da auga tratada, liña de aire e lavado de filtros polo seu estado deficiente e envellecido. Isto permitirá aumentar o rendemento da planta para garantir o caudal de bombeo actual, próximo aos 300 metros cúbicos/hora. Tamén se inclúe a execución dun novo peche da parcela en que se sitúa a ETAP.

Por último, tamén se actuará no depósito de Fazouro, ao que chega –mediante bombeo– a auga tratada na ETAP de Foz. Farase unha rehabilitación interior e exterior con reimpermeabilización integral da cuberta deste depósito existente con capacidade para 3.900 metros cúbicos e cambiaranse as conducións de fibrocemento de entrada e saída por outras de fundición dúctil.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA INICIAR O PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DO PLAN SECTORIAL DE SOLO EMPRESARIAL DE GALICIA

- *O novo plan prevé para 2015 un incremento do 397 por cento respecto á situación de 2009*
- *Prevese dispoñer de 68,3 millóns de metros cadrados de solo empresarial en 2015*
- *O investimento previsto para o período 2009-2015 acada os 373 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe o inicio do procedemento de elaboración do novo Plan Sectorial de Solo Empresarial de Galicia, cuxas liñas básicas foron presentadas polo conselleiro de Medio Ambiente en decembro de 2009. O documento de inicio para a avaliación ambiental estratéxica do plan iniciouse o 1 de febreiro de 2010.

O actual contexto socioeconómico e diferentes aspectos territoriais de interese xeral e público xustifican a necesidade de adoptar un instrumento de ordenación global que estableza as condicións de desenvolvemento das futuras áreas empresariais na comunidade autónoma e que se plasmará no Plan Sectorial de Solo Empresarial de Galicia, que deberá estar en concordancia co establecido nas futuras Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e co establecido no Plan de Ordenación do Litoral.

Os plans sectoriais constitúen instrumentos de ordenación territorial de carácter global nos que teñen cabida necesidades como a dotación de solo empresarial, que require necesariamente unha planificación de dimensión superior á municipal e que estea ben integrada no conxunto do país. O plan incluírá as actuacións que se estaban a tramitar illadamente sen planificación previa, así como as actuacións de Porto do Son, Xove-Cervo, Carnota e Muxía, das que desistira o goberno bipartito.

Plan de 2004 esgotado

Polo que respecta ao plan de 2004 vixente na actualidade, considerase totalmente esgotado, xa que os proxectos sectoriais nel contidos están, maioritariamente, aprobados ou en execución. Porén, o seu esgotamento non pode impedir que se adopten actuacións necesarias para o interese público que se desenvolverán a través de proxectos sectoriais non previstos nel. Por ese motivo, o Consello da Xunta acordou deixalo sen efecto, xa que o seu mantemento impediría novas actuacións non previstas.

A redacción, elaboración e aprobación do novo Plan Sectorial de Solo Empresarial de Galicia require un tempo prudencial, durante o que se poderá continuar a tramitación e realizar a aprobación definitiva dos proxectos actualmente en curso, sen prexuízo da súa posterior integración no novo plan sectorial que se aprobe.

O proxecto para a redacción dun novo Plan Sectorial de Solo Empresarial de Galicia xa fora presentado no Parlamento de Galicia polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, no pasado mes de decembro de 2009.

Naquela ocasión, o responsable de Medio Ambiente do Goberno galego subliñou que o novo Plan de Solo Empresarial recollerá as actuacións do anterior e ademais novas actuacións, co obxectivo de contar en 2012 cunha superficie total de solo empresarial de máis de 32,1 millóns de metros cadrados e incrementalala ata os 68,3 millóns de metros cadrados para 2015.

Coa posta en marcha desta planificación acadaranse os seguintes obxectivos:

	ANO 2009 (existentes)	A EXECUTAR 2009/2012	TOTAL 2012	A EXECUTAR 2012/2015	TOTAL 2015
Nº PARQUES	92	36	128	72	200
SUPERFICIE m ²	13.755.789	18.344.645	32.100.434	36.198.890	68.299.324

Deste xeito, no ano 2012 a superficie empresarial dispoñible incrementarase nun 133%, pasando dos 13,7 millóns de metros cadrados actuais aos 32,1 millóns dentro de dous anos. Ao mesmo tempo, e sempre coa premisa do axuste ás necesidades reais, prevese, no horizonte final de 2015, incrementar a superficie dispoñible noutros 36 millóns de metros cadrados (un 114% respecto ás previsións do 2012 e un 400% respecto da superficie dispoñible na actualidade), alcanzando os 68,3 millóns de metros cadrados no conxunto de Galicia.

Nº parques

Horizonte 2012: incremento do 39 % sobre 2009
Horizonte 2015: incremento do 117% sobre 2009

Superficie

Horizonte 2012: incremento do 133 % sobre 2009
Horizonte 2015: incremento do 397% sobre 2009

O investimento previsto para o desenvolvemento destes parques no período 2009-2012 ascende a 373 millóns de euros. As empresas que se asenten poderían crear arredor de 61.000 empregos, cun investimento en construción de instalacións e equipamentos de máis de 2.300 millóns de euros.

Situación actual

Na actualidade, os parques dependentes da Xunta de Galicia ocupan un total de 13.755.789 metros cadrados, dos que 8.148.295 son de uso industrial e comercial, estando dispoñibles para venda 1.309.625 metros cadrados, o que supón algo máis do 16 por cento do total. A venda e posta en servizo deste solo podería dar lugar á creación de entre 6.000 e 9.000 empregos.

Asemade están en construción outros 19 parques empresariais, con 13.127.609 metros cadrados de superficie total, nos que a superficie de uso industrial e comercial será de 7.394.606 metros cadrados. Os parques en construción actualmente supoñen incrementar nun 95 por cento a superficie de solo empresarial existente dependente da Xunta de Galicia.

Finalmente, existen 5.368.659 metros cadrados de superficie total en futuros parques con planeamento aprobado e 36.047.267 en parques en tramitación.

A XUNTA MARCA 1.000 OBXECTIVOS DE REHABILITACIÓN PARA AS 43 ÁREAS DECLARADAS EN GALICIA, NAS QUE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, O MINISTERIO E OS PROPIETARIOS INVESTIRÁN ATA 30 MILLÓNS DE EUROS ENTRE 2010 E 2012

- *O Consello da Xunta autorizou o IGVS a comprometer un gasto plurianual de máis de 6,3 millóns de euros*
- *Na próxima Reunión Bilateral de Vivenda entre a Xunta e o Ministerio formalizarase a repartición de obxectivos para as áreas de rehabilitación declaradas*

As áreas de rehabilitación existentes en Galicia recibirán unha inxección económica próxima aos 30 millóns de euros entre 2010 e 2012 grazas aos convenios que se asinen con 30 concellos galegos nos que existen 43 áreas de rehabilitación declaradas. O Consello da Xunta autorizou o compromiso de gastos plurianual por importe de máis de 6,3 millóns de euros e a sinatura de acordos na próxima Reunión Bilateral de Vivenda, na que se establecerá a repartición de obxectivos para as áreas de rehabilitación declaradas.

Segundo o acordo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo poderá comprometer un máximo de 6.354.000 euros para as anualidades de 2010, 2011 e 2012, fondos que se destinarán a axudas aos propietarios de vivendas situadas nas áreas de rehabilitación, aos respectivos concellos para a realización de obras de urbanización, e ao mantemento das oficinas de rehabilitación. Sumando a esta cantidade as achegas previstas correspondentes ao Ministerio de Vivenda, aos concellos e aos particulares propietarios de edificios e vivendas, o investimento máximo total acadará entre 2010 e 2012 os 29.738.140 euros, que se suman aos fondos de convenios de anos anteriores que aínda se atopan en execución e aos dos convenios que se asinen con cargo ao obxectivos nos próximos anos.

Na próxima reunión bilateral, que está previsto que teña lugar a finais de febreiro, prevese acordar un total de 1.000 actuacións de rehabilitación. Actuarase en 43 áreas de rehabilitación existentes en 30 concellos galegos.

O Consello da Xunta tamén aprobou os tres modelos de convenio a asinar, en función da tipoloxía e situación das áreas de rehabilitación. Desta maneira haberá un convenio tipo para ás áreas de rehabilitación localizadas en conxuntos históricos, outro para as situadas en núcleos rurais e un terceiro para o resto de áreas de rehabilitación.

Potenciar as oficinas

Por outra parte, o IGVS potenciará o funcionamento das oficinas de rehabilitación existentes en todos os concellos que contan con área de rehabilitación, resaltando a súa condición de portelo único e facilitando ao seu través información sobre todas as liñas de axudas de rehabilitación existentes na actualidade.

Desta maneira, ao traballo das oficinas de rehabilitación incorporase ofrecer información sobre axudas tales como a rehabilitación de edificios e vivendas do Plan de Vivenda 2009-2012, as axudas autonómicas de rehabilitación rural e de zonas históricas (cando sexa o caso) e calquera outra axuda en materia de rehabilitación.

Competencias actuais das oficinas de rehabilitación	<ul style="list-style-type: none">• Ofrecer información e tramitar axudas das áreas de rehabilitación
Novas competencias	<ul style="list-style-type: none">• Ofrecer información e tramitar axudas das áreas de rehabilitación• Informar sobre axudas de rehabilitación do Plan de Vivenda alleas á área de rehabilitación e polo tanto aplicables a todo o concello.• Informar sobre as axudas autonómicas para rehabilitación en conxuntos históricos• Informar sobre axudas autonómicas de rehabilitación rural

As oficinas de rehabilitación teñen a consideración de portelos únicos da administración e como tales reciben unha parte do financiamento necesario para o seu funcionamento. Esta é a faceta que o IGVS vai potenciar co obxectivo de optimizar os recursos existentes e aproximar a información sobre rehabilitación aos posibles interesados. Pola súa parte, as oficinas de información das catro áreas provinciais do IGVS, situadas nas catro capitais de provincia, e dos servizos centrais en Santiago de Compostela continuarán ofrecendo información como ata o de agora.

Doutra banda, a creación dunha rede de información con todas as oficinas de rehabilitación existente permitirá unificar os criterios empregados por elas.

As oficinas de rehabilitación son financiadas polo IGVS e o Ministerio de Vivenda nun 90 por cento dos seus custos, serán a cargo dos concellos exclusivamente o 10 por cento restante.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo financia o 50 por cento do orzamento destas oficinas, cun límite xenérico de 60.000 euros, aínda que no actual Plan de Vivenda

2009-2012 ese límite incrementouse ata 80.000 euros para os concellos con máis de 25.000 habitantes. Pola súa parte, o Ministerio de Vivenda subvenciona ata un 40 por cento do orzamento.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO QUE REGULARÁ A CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PÓRTICO DA GLORIA E DAS PINTURAS DA BÓVEDA DA CAPELA MAIOR DA CATEDRAL DE SANTIAGO

- *O acordo será asinado pola Consellería de Cultura e Turismo, o Ministerio de Cultura, a Fundación Pedro Barrié de la Maza, o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Cabido da Santa Igrexa Catedral de Santiago*
- *A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e a Subdirección Xeral do Instituto de Patrimonio Cultural de España asumirán conxuntamente a codirección técnica dos traballos a través dun equipo multidisciplinar*
- *Cultura e Turismo achegará un total de ata 200.000 euros, distribuídos en tres anualidades, para a contratación dos servizos técnicos especializados que permitan o desenvolvemento do convenio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración que será asinado entre a Consellería de Cultura e Turismo, o Ministerio de Cultura, a Fundación Pedro Barrié de la Maza, o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Cabido da Santa Igrexa Catedral de Santiago para a dirección técnica dos proxectos de conservación e restauración do Pórtico da Gloria e do seu contorno así como das pinturas murais da bóveda e arcos da Capela Maior da Catedral de Santiago de Compostela.

En virtude deste acordo, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo e a Subdirección Xeral do Instituto de Patrimonio Cultural de España asumen conxuntamente a Codirección Técnica dos traballos obxecto deste Convenio a través dun equipo multidisciplinar formado por técnicos de ambas as institucións. Para a contratación dos servizos técnicos especializados que permitan o desenvolvemento do convenio, a Consellería de Cultura e Turismo achegará un total de ata 200.000 euros distribuídos en tres anualidades.

Un comité científico, integrado por expertos de recoñecido prestixio nas distintas materias e técnicas que interveñen no obxecto dos proxectos, asesorará e colaborará coa codirección técnica na búsqueda dos criterios máis axeitados nas diferentes fases da intervención.

Entre as liñas de actuación establecidas no convenio, corresponderá á Fundación Pedro Barrié de la Maza a xestión da política de comunicación e difusión do Programa Catedral. Pola súa banda, o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Cabido da Catedral comprométese á prestación da maior colaboración no desenvolvemento dos traballos e na disposición de espazos e acceso dos técnicos para a realización dos labores previstos.

Primeiros pasos

O 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia e os Bispos das Dioceses que comprenden o territorio da Comunidade de Galicia, subscribiron o convenio de colaboración co fin de garantir a conservación e fomentar o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa. A Xunta de Galicia asume o compromiso de contribuír á conservación, á mellora e á adecuada protección do citado patrimonio así como o compromiso de subvencionar ou dotar os medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

O 25 de febreiro de 1997, o Ministerio de Educación e Cultura e a Conferencia Episcopal Española subscribiron o Acordo de Colaboración para o Plan Nacional de Catedrais que obrigan aos poderes públicos á protección do patrimonio histórico e artístico dos pobos de España. Este convenio foi suscrito de novo o 26 de novembro de 2006 para o desenvolvemento do Plan establecendo a lista de catedrais que, atendendo ao seu estado de conservación necesitan unha intervención prioritaria.

O 21 de xullo de 2006 a Fundación Pedro Barrié de la Maza, o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Cabido da Santa Igrexa Catedral de Santiago subscribiron un novo convenio marco de colaboración para o período 2006-2012 cunha colaboración económica por un importe máximo de 3.000.000 euros. O 26 de xullo de 2007 comprometéronse dous convenios de desenvolvemento do citado convenio onde se especificaban as condicións das actuacións no Pórtico da Gloria e das pinturas murais da bóveda da Capela Maior.

A XUNTA UNIFICA A SÚA IMAXE INSTITUCIONAL PARA MELLORAR A SÚA PROXECCIÓN EXTERIOR E A RELACIÓN COS CIDADÁNS

- *O conselleiro de Presidencia presentou no Consello da Xunta o Manual de normas de identidade corporativa institucional da Xunta de Galicia*
- *O obxectivo é superar a situación anterior, caracterizada pola multiplicación de símbolos e logotipos que podían producir confusión e falla de identificación*
- *O texto estará dispoñible, a partir de mañá, venres, no enderezo da Internet <http://www.xunta.es/identidade-corporativa/>*

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, presentou no Consello da Xunta desta mañá o Manual de normas de identidade corporativa institucional da Xunta de Galicia, que ofrecerá unha visión homoxénea do organismo autonómico na súa proxección exterior, nas súas manifestacións externas e na súa relación cos cidadáns.

Este manual desenvolve o decreto aprobado o pasado mes de novembro -Decreto 409/2009, do 5 de novembro-, polo que se aprobaba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Administración galega, entendendo como tales o escudo de Galicia e o logotipo corporativo coa expresión "Xunta de Galicia".

Segundo recollía este texto, a imaxe corporativa da Administración autonómica galega debe actuar como un elemento de cohesión, moderno e homoxéneo, facilmente recoñecible para os cidadáns e para o resto das institucións. O obxectivo é superar a situación anterior, caracterizada pola multiplicación de símbolos e logotipos, determinados pola diversidade de entes e organismos que integran o sector público autonómico, e que podían producir confusión e falla de identificación.

Neste sentido, o manual -que se aprobará por medio dunha Orde da Consellería de Presidencia, que substitúe a do 11 de xullo de 2003- pretende garantir o correcto emprego da imaxe gráfica da Xunta de Galicia, polo que o seu uso é obrigado para todos os departamentos da Xunta de Galicia na definición de elementos básicos de comunicación, así como para os provedores de soportes gráficos, como publicistas, deseñadores gráficos, impresores, creadores audiovisuais, etc.

O texto estrutúrase en cinco capítulos: os elementos básicos de identidade (a marca, as súas normas de utilización, a tipografía e a cor); papelería (papelería corporativa, documentos internos, formularios e impresos); publicacións e publicidade; e convivencia con outras marcas e sinalización. O manual estará dispoñible no enderezo da internet <http://www.xunta.es/identidade-corporativa/> a partir de mañá venres, cando está previsto que se publique a orde no Diario Oficial de Galicia.

Identidade corporativa da Administración galega

O Decreto 409/2009 establece o uso prioritario da logotipo da Xunta coa plasmación tipográfica da expresión “Xunta de Galicia” fronte ao emprego de logotipos pertencentes a entes públicos autonómicos e mesmo ao uso da mesma expresión unida ao nome das consellerías, delegacións territoriais e xefaturas territoriais dependentes delas. Tan só se recoñecen como excepcións os usos en papelería oficial, sinalización de edificios ou portada interior de publicacións. Ademais, os entes públicos poderán utilizar os seus logotipos, sempre xunto á imaxe corporativa institucional, mediante autorización previa da Secretaría Xeral de Medios.

A imaxe corporativa institucional deberá figurar en todos os documentos administrativos e comunicacións de tipo xeral expedidos polos departamentos da Xunta de Galicia, as delegacións territoriais e todos os entes que integran o sector público autonómico. Tamén deberá figurar nas publicacións, folletos de información ou divulgación en calquera soporte, así como nos anuncios institucionais en prensa.

A imaxe corporativa institucional aplicarase sempre que proceda a adquisición, reposición ou reedición de calquera elemento que deba exhibila. En todo caso, e para non incrementar o gasto público, seguirán utilizándose ata que se esgoten as existencias de material impreso anteriores á súa entrada en vigor.

ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA A CREACIÓN DA PRIMEIRA ASOCIACIÓN CLÚSTER DA XEOTERMIA EN GALICIA E ESPAÑA PARA CONVERTER Á COMUNIDADE AUTÓNOMA NUN REFERENTE NO EIDO DESTA ENERXÍA RENOVABLE

- *O Goberno autonómico demostra a súa aposta decidida polo fomento da enerxía xeotérmica en Galicia, unha enerxía que se obtén a partir da calor que se produce no interior da Terra, que forma parte do grupo das enerxías renovables e presenta vantaxes fronte a outros recursos renovables, posto que o seu uso non ten apenas impacto ambiental*
- *Un dos obxectivos prioritarios do Clúster e fomentar a I+D+i nas empresas asociadas e nos axentes que converxan no sector, así como a internacionalización das súas actividades*
- *A posta en marcha de ACLUXEGA responde á política de fomento da clusterización que o Goberno da Xunta está levando a cabo a través da súa Consellería de Economía e Industria*

O Consello da Xunta de Galicia deu conta hoxe do informe da Consellería de Economía e Industria no que se reflicte o impulso á recente e pioneira creación da primeira Asociación Clúster da Xeotermia Galega (ACLUXEGA) tanto a nivel galego como a nivel español, un colectivo que nace co obxectivo de converter Galicia nun referente nacional no eido desta enerxía renovable e de fomentar a I+D+i nas empresas asociadas e nos axentes que converxan no sector.

O Goberno autonómico demostra deste xeito a súa aposta decidida polo fomento da enerxía xeotérmica en Galicia, unha enerxía que se obtén a partir da calor que se produce no interior da Terra, que forma parte do grupo das enerxías renovables e presenta vantaxes fronte a outros recursos renovables, posto que o seu uso non ten apenas impacto ambiental, xa que os gases xerados durante o proceso son facilmente tratables e implican pouco impacto ambiental. Nese senso, como calquera enerxía renovable implica unha redución de toneladas de CO₂ emitidas e incide na mitigación dos efectos do cambio climático.

O Clúster incorporará empresas ata acadar o 80% da representatividade da xeotermia galega, e bota a andar co apoio de Energylab, que será o seu centro tecnolóxico, e que conta entre os seus socios coas tres universidades galegas, Gas Natural, Unión Fenosa e Finsa, e coa participación activa da Área de Máquinas e Motores Térmicos da Universidade de Vigo.

Os obxectivos perseguidos por ACLUXEGA son promover e contribuír á competitividade do sector, colaborar coas institucións para impulsar o desenvolvemento desta novidosa fonte de enerxía, fomentar o coñecemento e o

interese polo desenvolvemento da xeotermia como tecnoloxía de alta eficiencia e baixo impacto ambiental, apoiar e fomentar a I+D+i nas empresas e no resto de axentes que converxen neste sector, así como acadar a internacionalización das actividades dos seus asociados, un dos eixos básicos de actuación da Consellería de Economía e Industria.

Para acadar estes obxectivos, a Asociación planificará as vías do futuro do sector, impulsará a cooperación e os encontros inter-empresariais para favorecer as sinerxias entre as empresas e as entidades adheridas, potenciará os intercambios de coñecemento entre as universidades, os centros tecnolóxicos e os asociados, desenvolverá unha marca de calidade empresarial e potenciará a formación a todos os niveis.

Ademais, terá especial relevancia o labor de asesoramento da Asociación, como interlocutora coa Administración pública, sobre oportunidades de innovación, proxectos cooperativos e subvencións, e como canle para establecer relacións estratéxicas con outras rexións punteiras no sector, agrupacións empresariais innovadoras e institucións internacionais para favorecer os intercambios cooperativos.

A posta en marcha de ACLUXEGA responde á política de fomento da clusterización que o Goberno da Xunta está levando a cabo a través da súa Consellería de Economía e Industria, posto que as empresas integradas nun clúster gañan vigor competitivo ao asociarse nunha actividade na cal comparten numerosos intereses que propician oportunidades de colaboración que lles reportan beneficios considerables. Os clústers posúen, ademais, unha enorme capacidade para concentrar a atención das administracións públicas e doutras institucións, ao mesmo tempo que conseguen aumentar o prestixio dun sector e atraer investimentos.

Por isto, a Xunta de Galicia está a traballar para favorecer e apoiar as iniciativas de colaboración que se produzan entre as empresas, co obxectivo de complementar as súas fortalezas e apuntalar o seu posicionamento internacional, ademais de acadar un terreo fértil para que as empresas poidan innovar.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE INVESTIRÁ 749.000 EUROS PARA POÑER EN MARCHA NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO UN CENTRO DE PROCESO DE DATOS

- *Este novo centro é necesario debido a que, nos últimos anos, se está a producir un crecemento moi significativo no emprego das novas tecnoloxías no ámbito asistencial dentro dos centros do Sergas*

O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo conta, na actualidade, cuns sistemas de información que dan soporte á historia clínica e imaxe dixitalizada, así como ás aplicacións de xestión de pacientes, de xestión de recursos humanos e de xestión económica, xunto coas aplicacións ofimáticas, de colaboración e de mensaxaría. Todos estes aplicativos están a executarse sobre os servidores centrais do complexo albergados no centro de proceso de datos do Hospital de Meixoeiro.

O actual centro de datos é o nó de comunicacións para toda a área sur da provincia, e dá servizo de telecomunicacións aos catro hospitais e dous centros de especialidades do complexo e, ademais, aos 34 centros de saúde da área, entre outros organismos.

En consecuencia, a Consellería de Sanidade vai investir 749.000 euros para poñer en marcha, no C.H. Universitario de Vigo, un centro de proceso de datos mellor dimensionado, de cara a garantir a seguridade dos datos e facilitar o crecemento dos sistemas de información do complexo.

Este novo centro é necesario debido a que, nos últimos anos, se está a producir un crecemento moi significativo no emprego das novas tecnoloxías no ámbito asistencial dentro dos centros pertencentes ao Servizo Galego de Saúde.

Na actualidade, estanse a procesar diariamente neste CPD máis de 6.000 citas de atención especializada, tanto dende o propio complexo como dende atención primaria, chegando a un número anual de ao redor de 1.400.000. Asemade, procésanse máis de 2.500 consultas externas, e xéranse e almacénanse, dixitalmente, máis de 32.500 imaxes radiolóxicas e realízanse máis de 3.000 accesos á historia clínica electrónica. Xunto con todo o anterior, procésanse máis de 13.000 chamadas telefónicas.

Todas estas cifras que, evidentemente, están medrando cada día, avalan a necesidade da posta en marcha dun novo centro de proceso de datos.

A XUNTA CREARÁ UNIDADES DE EXPLORACIÓN DO PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA NOS HOSPITAIS COMARCAIS, POTENCIANDO ASÍ A OFERTA DESTES CENTROS

- *A conselleira de Sanidade presentou ao Consello os resultados en 2009 do Programa de Detección Precoz do Cancro de Mama e as previsións de 2010*

A conselleira de Sanidade e presidenta do Servizo Galego de Saúde, Pilar Farjas Abadía, presentou aos membros do Consello da Xunta na súa xuntanza semanal os resultados e previsións do Programa de Detección Precoz do Cancro de Mama.

Esta iniciativa comezou un cambio tecnolóxico para substituír os mamógrafos analóxicos das súas unidades de exploración fixas por outros dixitais, para o que se destinarán neste ano 1.250.000 euros.

Esta decisión permitirá prescindir da loxística do transporte e almacenamento das mamografías; mellorará a detección do cancro en mulleres novas e con mamas densas; e permitirá que o sistema asistencial acceda aos estudos de criba e viceversa, o que levará a unha diminución da repetición inxustificada de estudos mamográficos.

Por todo isto, comezarase a creación de sete unidades nos hospitais comarcais que substituirán as unidades móbiles, xa que se ten constatado que estas xeran diversas dificultades, como a carencia de salas de espera –o que obriga as mulleres a agardar á intemperie-, falta de intimidade, dificultades para o acceso a elas de mulleres con certas discapacidades, o custo de mantemento da unidade e do seu equipamento, a imposibilidade de traballo en rede e dificultades na xestión dos recursos humanos e para o desenvolvemento da tecnoloxía dixital, que polas súas características non pode ser implantada nelas.

Polo tanto, manteranse as nove unidades fixas e utilizaranse as instalacións e o equipamento dos sete hospitais comarcais de Galicia que xa contan con mamógrafos, comezando así a creación de sete novas unidades.

Isto permitirá avanzar no proceso de integración do programa no sistema asistencial, unha mellora da oferta dos hospitais comarcais cun novo servizo á súa poboación, a racionalización na utilización de recursos e a mellora na calidade asistencial percibida polas mulleres que ata agora se exploraban nas unidades móbiles.

Resultados do programa

O Programa galego de detección precoz do cancro de mama púxose en marcha en 1992, e ata 2004 estaba dirixido a mulleres de entre 50 e 64 anos. Dende 2005, a

Consellería de Sanidade comezou a ampliación progresiva do grupo de idade atendido polo programa ata os 69 anos, obxectivo que se acadou o pasado ano.

Dende 1992 téñense realizado 1.241.109 exploracións (113.011 delas o pasado ano), cunha taxa de participación do 80,1%. Ata 2007 -último ano de que se ten a información definitiva dos diagnósticos realizados- detectáronse un total de 3.247 cancro, o que supón unha taxa de detección de 3,2 casos por cada mil mulleres exploradas.

Pilar Farjas explicou aos membros do Consello que a supervivencia das mulleres diagnosticadas polo programa é superior á das que foron diagnosticadas fóra del, o que amosa a eficacia do diagnóstico precoz, e que esta iniciativa ten permitido evitar o 26% das mortes esperadas por cancro de mama nas mulleres diagnosticadas no programa.

Así mesmo, o grao de satisfacción global coa participación no programa é moi alto, dun 99,3%, xa que o 65,2% das mulleres a consideraron moi satisfactoria e o 34,1% a definiron como bastante satisfactoria, segundo a última enquisa bienal de opinión realizada ás usuarias, no ano 2008.

O ACORDO DE XESTIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA 2010 COMPROMETE UNHA XESTIÓN SANITARIA TRANSPARENTE, EFICIENTE E EFICAZ

- *Reducir o 30% da lista de espera en patoloxías moi graves e a redución do 20% en listas de espera con patoloxías graves é un dobre obxectivo acordado; deste xeito, acadase o compromiso de que as patoloxías de prioridade 1 sigan por debaixo dos 30 días e as prioridade 2 atendidas nun prazo de 60 días*
- *Por primeira vez na historia do Servizo Galego de Saúde, poranse á disposición de toda a cidadanía 3.000 camas hospitalarias novas, o 50% do total de camas dispoñibles actualmente*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un informe sobre o *Acordo de Xestión do Servizo Galego de Saúde 2010*, que recolle o compromiso do Goberno galego coa Sanidade pública galega cun obxectivo: ofrecer mellor xestión e mellores servizos públicos sanitarios.

O acordo de xestión recolle os compromisos de actuacións e obxectivos prioritarios do departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía, así como os seus indicadores, para o presente ano entre os que destaca situar a espera media das patoloxías máis graves por debaixo dos 30 días e diminuír a espera media de atención sanitaria nas patoloxías graves ata unha media de 60 días.

De acordo coa exigencia de dar prioridade ás patoloxías máis graves, actualmente a espera media en casos de prioridade 1, -é dicir, enfermidades oncolóxicas, cardíacas ou neurolóxicas, entre outras-, é de 28 días, un 30% menos que o ano pasado, cumpríndose, por primeira vez en Galicia, o requisito legal dun tempo medio de espera para intervencións cirúrxicas de grao 1 inferior a 30 días.

Outro dos compromisos adquirido é o de poñer á disposición de toda a cidadanía o 50% de camas novas por primeira vez na historia do Servizo Galego de Saúde. Simultaneamente estarase a traballar en tres novos hospitais, o que supón estar construíndo 3.000 camas hospitalarias, que son o 50% do total de camas hospitalarias instaladas en Galicia.

O pulo orzamentario en Vigo, onde xa se licitou, de forma conxunta, o proxecto e obra dun novo hospital que reequilibrará as necesidades dunha área sanitaria que atende a máis de 650.000 persoas; o impulso orzamentario en Pontevedra, onde se tomouse a decisión de abrir un novo complexo hospitalario máis cómodo, eficaz, integrado e humano; o impulso orzamentario en Lugo, onde se axilizaron os trámites nun tempo récord para que o novo hospital poida ser unha realidade neste ano; o impulso orzamentario na Coruña, en Ourense e en Ferrol, para finalizar as obras dos

hospitais de referencia destas tres áreas; e, ademais, o impulso orzamentario na Atención Primaria, coa posta ao día dos centros de saúde xa existentes e coa construción de novos ambulatorios alí onde sexa necesario. De feito, nos orzamentos de 2010 figuran 13,7 millóns de euros para construción de centros de saúde.

Transparencia, eficacia e eficiencia na xestión sanitaria

O acordo de xestión aborda a forme de traballar en prol dunha xestión máis transparente, máis eficaz e máis eficiente. Neste sentido, o Servizo Galego de Saúde considera fundamental promover o uso racional, diáfano e produtivo dos recursos.

O Servizo Galego de Saúde aposta por consolidar a sustentabilidade do sistema, garantir a eficiencia do modelo, e racionalizar o gasto sanitario. Mediante a sinatura deste acordo, o Sergas e os seus xerentes corresponsabilízanse do necesario esforzo colectivo que garante un sistema de calidade e accesible, ao mesmo tempo que viable. Nesta liña, a Administración sanitaria galega ten claras as prioridades, é necesario romper coa inercia de focalizar o esforzo nos valores estatísticos medios, e empezar a traballar pensando nas persoas.

Ademais, aposta tamén por normalizar e optimizar as posibilidades dos sistemas de información sanitaria, especialmente coa implantación da historia clínica electrónica, que ten que acadar o 85% de utilización en todos os niveis asistenciais ao final de ano.

Así mesmo, traballarase para evitar demandas diagnósticas innecesarias e duplicadas a través do procedemento asistencial integrado, e por lograr a eficiencia asistencial mediante o incremento da ratio de utilización de quirófano para intervencións programadas ata máis do 50%, o da ratio do rendemento cirúrxico ata máis do 75%, e o aumento da porcentaxe de prescrición electrónica ata máis do 85% ao final de ano.

Outros dos obxectivos previstos polo Sergas para 2010 é a sustentabilidade do sistema mediante a racionalización do gasto farmacéutico e a aposta decidida polo uso dos medicamentos xenéricos, para o aumentar do 11% actual ao 14%.

Corresponsabilidade social

En definitiva, por medio da sinatura do acordo de xestión o Servizo Galego de Saúde asume un contrato social de corresponsabilidade na mellora continua da asistencia sanitaria.

Tamén no esforzo colectivo dos cos 35.000 profesionais da Sanidade pública galega por mellorar a calidade, por mellorar a accesibilidade e por mellorar o tempo de espera nos hospitais e nos centros de atención primaria.

Esta actuación enmárcase, ademais, na principal, liña estratéxica da Consellería de Sanidade e do Goberno galego, que é poñer o paciente como centro do sistema sanitario.

A CONSELLERÍA DO MAR DEFENDE A EXCEPCIONALIDADE DE GALICIA NA PROCURA DUNHA MORATORIA PARA AS ZONAS C

- *A Consellería presentou un informe ao Consello da Xunta en que se argumenta a petición dunha moratoria para as zonas de produción de clase C*
- *A adopción desta moratoria posibilitaría a reapertura de zonas actualmente pechadas para o marisqueo e incrementaría a produtividade marisqueira dos traballadores*
- *Para amparar a súa petición, a Consellería do Mar propón unha serie de medidas para o caso galego acordes ao cumprimento dos obxectivos da normativa*

A Consellería do Mar propón a reactivación do sector marisqueiro a través da extracción de bivalvos das zonas C sometidos a un proceso de depuración intensiva. Así o especificou a consellería nun informe que presentou esta mañá ao Consello da Xunta en que especifica a petición dunha moratoria para as zonas de produción de marisco clasificadas como C, co obxectivo de poder comercializalo garantindo totalmente a salubridade dos consumidores.

A adopción desta moratoria posibilitaría a reapertura de zonas actualmente pechadas para o marisqueo e favorecería a reactivación económica do sector, xerando unha maior actividade e incrementando a produtividade marisqueira dos traballadores. Ademais, isto traduciríase nun incremento da actividade dos sistemas de depuración de Galicia, nun maior control dos recursos existentes e permitiría destinar os fondos actualmente consignados a accións de rexeneración de zonas improdutivas, e á mellora das existentes.

Esta posibilidade de acollerse á moratoria disposta polo Regulamento europeo 853/2004 xa fora proposta en 2005 pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a través dun informe. Este documento foi legado ao daquela goberno entrante no traspaso de poderes para facer un seguimento ao Goberno do Estado perante a Comisión Europea, e acadar a aceptación da moratoria. Así e todo durante catro anos do goberno bipartito non se efectuou unha defensa desta posibilidade, polo que a Consellería do Mar tivo que retomar a situación.

O pasado mes de novembro, a Consellería do Mar remitiu a petición da moratoria ao Ministerio de Sanidade e a conselleira do Mar, Rosa Quintana, espuxo a proposta en varios encontros mantidos con representantes do MARM, co Comisario de Pesca (Joe Borg) e mais o director xeral de Pesca (Fokion Fotiadis) da Unión Europea. Nestas xuntanzas a conselleira incidiu nas excelentes técnicas de depuración que existen en Galicia e que garanten que o produto procedente desas zonas chegue ao consumidor en perfectas condicións.

No informe, a Consellería do Mar basea a súa petición nos máis de 25 anos de experiencia de Galicia no cultivo, depuración e comercialización de moluscos bivalvos. Concretamente especifica que as 66 plantas depuradoras e a capacidade de depuración de 515.096.250 quilos/ano que posúe a comunidade galega garantirían un tratamento axeitado de toda a produción de moluscos bivalvos de Galicia procedentes das zonas C.

Ademais, o documento incide en que o proceso de depuración intensiva sería revisado estritamente pola autoridade competente da comunidade autónoma para que os moluscos bivalvos vivos cumpran todas as garantías sanitarias exixidas pola lexislación. Neste sistema de control intensivo traballan conxuntamente as consellerías do Mar e Sanidade. Previamente á extracción, a Consellería do Mar, a través do Intecmar, ocúpase do control da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos como ás zonas de produción. Posteriormente a Consellería de Sanidade é a que realiza o control nas industrias transformadoras, nos mercados e no transporte.

Neste sentido, cabe destacar tamén o labor da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que está a mellorar a organización existente para iniciar novas liñas de traballo que leven a unha depuración efectiva das augas residuais xeradas nestas bacías das zonas afectadas.

Situación actual

Ata 2006 os moluscos extraídos das zonas clasificadas pola UE como C podían ser consumidos despois dun proceso de depuración intensivo, reinstalación mínima de dous meses ou procesado térmico. Porén os regulamentos vixentes nesta materia - (CE) N° 853/2004 e 854/2004- non contemplan a posibilidade de someter os moluscos procedentes de zonas C a un proceso de depuración intensiva previo á súa comercialización. Isto, tal e como especifica o informe, incide de xeito negativo no modelo de produción e comercialización dos moluscos bivalvos desenvolvido en Galicia.

Debido a que toda a costa galega está declarada como zona de produción, o informe aclara que establecer o proceso de reinstalación en Galicia suporía numerosos cambios que non garanten a mellora da calidade das zonas de produción. Tendo en conta que Galicia é a rexión con maior produción de moluscos bivalvos de Europa e que o cultivo máis importante, o de mexillón en batea, produce entre 250.000 e 300.000 toneladas/ano e representa preto do 95% da produción española, o 37% da europea e o 21% da mundial, o informe da Consellería do Mar argumenta que esta situación ocasiona perdas económicas aos produtores.

Medidas propostas

O regulamento (CE) N° 853/2004, nos artigos 10.3 e 10.4 do capítulo IV, sinala a posibilidade de que os Estados membros poidan adoptar medidas nacionais de adaptación dos requisitos do seu anexo III. Seguindo estas instrucións e para amparar a súa petición, a Consellería do Mar propón unha serie de medidas acordadas para o caso de Galicia.

Entre elas destacan a de permitir a extracción de moluscos bivalvos vivos das zonas C mediante autorización das zonas de produción, a supervisión deste proceso pola autoridade competente e o transporte e envío dos moluscos aos establecementos autorizados para a depuración intensiva. Ademais, propoñen que cada lote de moluscos vaia acompañado dun documento de rexistro que especifique que o produto está destinado á depuración intensiva.

Outra das propostas é a de someter cada lote de produtos a ensaio antes de comercializalos co obxectivo de informar a autoridade competente daqueles resultados que non se axusten ao establecido na normativa. No caso de que algún lote non cumpra co establecido, continuará sometido á depuración intensiva ou, de non ser posible, a un tratamento autorizado pola normativa nesta materia.